

REGULAMENTO XXIII RUTA BTT DO SALMÓN

1. O Excmo. Concello de A Estrada coa colaboración da *PEÑA CICLISTA BIKESTRADA* organiza a “XXIII Ruta BTT do Salmón” ó sábado, 25 de maio de 2019.

Trátarase dunha **marcha cicloturista de carácter NON competitivo** cun grao de **dificultade baixa** e cun percorrido total de **43 kilómetros**, 3 dos cales serán neutralizados na saída en zona urbana, sumando un desnivel acumulado duns 800 m (+).

Por motivos loxísticos e de seguridade establécense o seguinte **CONTROL DE PASO**:

- Aqueles participantes que transcurridas 3 horas dende a hora de saída (é dicir, ás 19:30 horas) non pasasen polo último avituallamento, situado no kilómetro 26 da proba, serán cortados e deberán retirarse, entregando o seu dorsal e encargándose a Organización de levalos a eles e ás súas bicicletas ata á meta.

***ADVERTENCIA:** En caso de que o participante faga caso omiso do exposto, rematará a proba baixo a súa enteira responsabilidade, sen ser controlados pola Organización e cos riscos que iso conleva.

2. A ruta está aberta a todos os afeccionados á bicicleta de montaña cun **máximo de 600 participantes** (seleccionados por rigurosa orde cronolóxica de inscrición) que teñan cumpridos a 25 de MAIO de 2019 os 14 anos. O participante, coa súa sinatura e baixo a súa responsabilidade, recoñece ter a idade esixida para participar na actividade.
3. O **prezo da inscrición** será de **12 €** por participante e a **data límite de inscrición** será o **23 de maio ás 23:59 horas**. A **partires desta data non se farán inscricións**.

Só serán considerados participantes da “XXIII Ruta BTT do Salmón” aqueles/as que realizaran debidamente a inscrición e leven o dorsal visible.

Dito dorsal será facilitado pola organización. A inscrición dará dereito a participación na proba, e incluírá os avituallamentos durante a ruta (bebida, froita, bollería....), dorsal personalizado, servizo de lavado de bicicletas, duchas, servizo de ambulancia, seguro de responsabilidade civil e de accidentes e un avituallamento final gratuito ó rematar a proba (bocadillo de chourizo asado, empanada e/ou pizza, cervexa/refresco).

Os **menores de idade** deberán aportar cando recollan o seu dorsal unha **AUTORIZACIÓN para participar na ruta, firmada** por parte do pai/nai ou titor, que poderán **descargar dende a páxina web de Emesports**.

As inscricións son a nivel persoal e intransferibles e non poden ser utilizadas por outra persoa distinta ó inscrita.

4. A organización contratou para a proba un **seguro de accidentes** coas seguintes coberturas:

Asistencia médica: Limitada a 600 €

Falecemento: 12.000€

Invalidez: 12.000€

5. Tódolos/as participantes deberán seguir os horarios e lugares de partida e paso reflectidos na información xeral, debendo presentarse **desde as 15:00 ata 15 minutos antes da hora de saída para recoller o dorsal (16:15)**.
6. A **saída** da marcha terá lugar ás **16:30 horas** na **Zona Polideportiva da Estrada**, lugar onde se atopan a **zona de vestiarios e duchas (Campo Manuel Regueiro)**.
7. **Parte do percorrido esta incluído na Rede Natura** e polo tanto os participantes estarán **obrigados a velar pola conservación e o coidado do entorno** facendo uso das bolsas do lixo e dos contedores nos avituallamentos, estando **terminantemente prohibido tirar calquera tipo de desperdicio fora dos lugares habilitados**.

Debido a importancia para o desenvolvemento presente e futuro da ruta o non cumprimento deste apartado será motivo de exclusión da proba.

8. A organización establece como **obligatorio o uso do casco protector**.
9. **A ruta estará sinalizada**, aconsellando a cada participante respectar en todo momento o itinerario e o ritmo marcado pola organización. De non ser así, os participantes que sobrepasen ó vehículo que abre a marcha, así como os que a organización estime que non se atopan en condicións de rematar a proba sen que conleve un perxuízo para a seguridade do resto de participantes, rematarán baixo a súa enteira responsabilidade, sen ser controlados pola organización, cos riscos que iso conleva. Abrindo a marcha, e sempre cinco minutos por diante do grupo de cabeza, circulará un quad para advertir posibles eventualidades no percorrido. A este vehículo de cabeza non se lle poderá adiantar baixo ningún concepto.
10. A organización disporá de **ambulancia, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e asistencia mecánica de pezas** (que corren a cargo do participante) durante a celebración da marcha.
11. A organización non se fai responsable dos accidentes sufridos polos participantes durante a celebración da marcha, debendo entenderse que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos propios e habituais do deporte en BTT. Non obstante, por parte da organización, prestaráselles a asistencia de primeiros auxilios, dentro dos medios que se dispoñan.
12. Tódolos/as participantes inscritos/as na marcha están amparados/as por un **seguro de accidentes**, polo que é requisito indispensable que no momento da inscrición figure con exactitude e claridade o nome, apelidos e DNI do participante.
13. Tódolos participantes da marcha e colaboradores desta, considéranse **en excursión persoal** e deberán cumprir as normas do vixente **Regulamento de Circulación**, sendo cada un deles responsable das infraccións que puidesen cometer.

14. A Organización resérvase o dereito de modificar aquilo que crea convinte, co fin de garantir o bo desenvolvemento da marcha.
15. A Organización contará con **servizo de ambulancia** a disposición dos participantes, ó igual que dun **Seguro de Responsabilidade Civil e de Accidentes (limitado)**, non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fora desta cobertura, e debendo entenderse que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do BTT
16. Non existirá valizaxe na proba, so estarán sinalizados os cruzamentos mais perigosos.
17. A aceptación do presente regulamento implica obrigatoriamente que o participante autoriza á organización da proba á grabación de imaxes de vídeo e fotográficas destinadas a promoción e difusión das distintas probas que organiza O Concello da Estrada en colaboración coa Peña Ciclista Bikestrada, e cede tódolos dereitos relativos a explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuno, sen dereito a percibir compensación económica de ningún tipo.
18. A sinatura da inscrición por parte do participante, ou dos seus pais ou titores no caso dos menores de 18 anos, implica ter lido, entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón:

Eximo de toda responsabilidade que, na participación da “XXII Ruta BTT do Salmón”, puidese derivar como perda de obxectos persoais, débedas ou gastos que se puidesen contraer, lesións propias ou a terceiros, ó Concello da Estrada e á Peña Ciclista Bikestrada, sponsors ou patrocinadores, directivos, empregados e demais organizadores da marcha.

Así mesmo, coñezo e estou de acordo coas coberturas do seguro que ten a proba e renuncio a toda acción legal (non limitada ao risco de lesións), como consecuencia da participación na marcha.